



**VIII. DATOS DO CONTORNO**

**A) LOCALIZACIÓN ( MARQUE CUN X SEGUNDO PROCEDA )**

RURAL	
SEMIURBANA	
URBANA	

**B) BREVE DESCRICIÓN DA ZONA NA QUE SE SITÚA O SERVIZO**

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

**C) SECTOR LABORAL QUE PREDOMINA NO CONTORNO**

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Declaro que todos os datos facilitados neste cuestionario son verdadeiros.

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 200\_\_

O/A REPRESENTANTE LEGAL

Asdo.: \_\_\_\_\_

*ANEXO II*

**DATOS DO/A PERCEPTOR/A**

NOME		DNI/CIF	
ENDEREZO			LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	TIPO DE PERCEPTOR/A

Relación perceptor/a-administración	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>	Sector institucional	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>	Actividade económica	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>
-------------------------------------	---	----------------------	---	----------------------	---

**CÓDIGO DA CONTA BANCARIA**

BANCO	OFICINA	D.C.	CONTA
_____	_____	_____	_____

ANEXO III

Don / Dona ....., con DNI nº .....  
 como ..... da entidade .....

**CERTIFICA:** Que os datos consignados neste balance son certos e que na contabilidade da institución están os documentos xustificativos deles, que quedan á disposición da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado para calquera comprobación que se queira efectuar.

BALANCE DE INGRESOS E GASTOS comprendido entre o ..... / ..... e o ..... / .....

INGRESOS		GASTOS	
De organismos públicos (detallar organismos e conceptos).  - Do Estado - Da Comunidade Autónoma * Cons. de Educación. * Cons. de Familia. * Outras consellerías (especificar) _____ _____  - Outras CC.AA. * Das deputacións. * Dos concellos.  De institucións privadas (detallar institucións e conceptos).  - Por cotas de socios. - Por ingresos derivados de actividades de recadación . - Por cobramento de servizos. - Por contribucións da asociación ou institución da que dependa.		Persoal:  - Retribucións (básicas e complementarias) - Cotas Seguridade Social  Material:  - Material de oficina non inventariable. - Prensa, revistas e publicacións periódicas. - Material funxible e específico. - Fotocopias e reprografía. - Outros.  Xerais:  - Auga - Combustible para calefacción. - Combustible para outros usos. - Electricidade. - Lenzaría e vestiario. - Produtos alimenticios. - Outras subministracións. - Teléfono. - Comunicacións postais - Tributos locais, autonómicos e estatais. - Limpeza (no caso de tela contratada con outra empresa). - Outros gastos: especificar.	
INGRESOS TOTAIS .....		GASTOS TOTAIS .....	
SUPERÁVIT		DÉFICIT	

..... de ..... de 200.....

Conforme:

Asdo.: \_\_\_\_\_

## ANEXO IV

## FICHA DE CENTROS

1.- Nome da entidade da que depende _____ CIF _____			
2.- Nome do centro ou servizo _____			
3.- Sector ao que atende _____			
4.- Enderezo _____		5.- Localidade _____	
6.- Provincia _____		7.- Distrito postal _____	
8.- Teléfono _____			
9.- Ano da posta en funcionamento _____		10.- Ano do inicio da construción do edificio _____	
11.- Director do centro ou servizo _____			
12.- Horario _____		13.- Tipo de centro ou servizo _____	
14.- Servizos que presta: 1.- Comedor - Almorzo - Xantar - Merenda 2.- Transporte 3.- Docencia 4.- Horario amplo	15.- Réxime predominante no centro: 1.- Horario lectivo 2.- Con comedor	16.- Condicións económicas predominantes 1.- Gratuíto 2.- Cota fixa 3.- Cota variable - Segundo renda - Segundo servizos 4.- Outras (especificar no anexo)	17.- Sexo de admisión: 1.- Ambos os sexos  18.- Idades de admisión: 1.- Idade máxima 2.- Idade mínima
* <i>CAPACIDADE</i>  (Centros con prazas) 19.- Capacidade do centro _____ 20.- Ocupación media _____ 21.- Lista de espera _____		* <i>PERSOAL</i>  22.- Persoal asalariado _____ 23.- Persoal non remunerado permanente _____ 24.- Outro persoal _____	
* <i>DETALLE DO GASTO NO ANO ANTERIOR</i>  25.- Orzamento anual da gardaría _____ 26.- Custo anual estimado da praza _____ 27.- Custo mensual estimado da praza _____  * <i>FONTES DE FINANCIAMENTO</i> 28.- Fondos propios _____ 29.- Fondos privados _____ 30.- Fondos públicos _____ 31.- Administración central _____ 32.- Administración seguridade social _____ 33.- Consellería de Sanidade _____ 34.- Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado _____ 35.- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria _____ 36.- Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública _____ 37.- Deputación _____ 38.- Concellos _____ 39.- Outros (especificar no anexo) _____ 40.- Total _____		41.- Beneficiario ou usuario: 1.- Poboación infantil de 0-3 anos   * <i>DATOS COMPLEMENTARIOS</i>  (Este corpo deberá cubrirse se a institución é unha fundación ou un establecemento)  42.- Persoal segrar (dedicado a servizos sociais) _____ 43.- Persoal relixioso (só servizos sociais) _____ 44.- Persoal con contrato de aluguer de servizos _____	

ANEXO V

FICHA DE ENTIDADES

<b>I. IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DA ENTIDADE</b>		<b>II. DATOS ECONÓMICOS DA ENTIDADE</b>	
NOME DA ENTIDADE		PERSONAL VOLUNTARIO NON REMUNERADO (SÓ SERVIZOS SOCIAIS)	
TIPO DE ENTIDADE		Nº DE SOCIOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA	
<input type="checkbox"/> ASOCIACIÓN SEN FIN DE LUCRO <input type="checkbox"/> FEDERACIÓN DE ASOC. SEN FIN DE LUCRO <input type="checkbox"/> FUNDACIÓNS <input type="checkbox"/> ESTABLECEMENTOS <input type="checkbox"/> OUTRAS INSTIT. SEN FIN DE LUCRO		GASTOS REALIZADOS NO ANO ANTERIOR	
REXISTRO NO QUE ESTÁ INSCRITA		GASTOS REALIZADOS EN ACCIÓN SOCIAL E SERVIZOS SOCIAIS:	
ENDEREZO		FONTE DE FINANCIAMENTO DO GASTO EN ACCIÓN SOCIAL E SERVIZOS SOCIAIS	
LOCALIDADE		FONDOS PROPIOS: _____	
CÓDIGO POSTAL		SUBVENCIÓNS OU CONCERTOS CO SECTOR PÚBLICO: _____	
PROVINCIA		DE FONDOS PRIVADOS: _____	
MUNICIPIO		OUTROS: _____	
TELÉFONO			
Nº PATRONAL/SEGURIDADE SOCIAL			
CIF			
ANO DE CONSTITUCIÓN			
ÁMBITO XEOGRÁFICO			
<input type="checkbox"/> ESTATAL <input type="checkbox"/> INTERAUTÓNOMICO <input type="checkbox"/> AUTÓNOMICO <input type="checkbox"/> INTERPROVINCIAL <input type="checkbox"/> PROVINCIAL <input type="checkbox"/> COMARCAL <input type="checkbox"/> LOCAL <input type="checkbox"/> ENTIDADE LOCAL MENOR		TOTAL PATRIMONIO	
SECTOR ATENDIDO PRINCIPAL		TESOURARÍA	
NÚMERO DE CENTROS QUE REXENTA		VALORES	
		INMOBILIZADO MATERIAL	
<b>III.- DATOS PATRIMONIAIS (EN MILES DE EUROS)</b>			

## ANEXO VI

**MODELO DE SOLICITUDE DE AXUDAS DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA (PROGRAMA CHEQUE INFANTIL) PARA SOLICITANTES DE PRAZA EN LISTA DE ESPERA EN CENTROS DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA DEPENDENTES DE ENTIDADES PRIVADAS DE INICIATIVA SOCIAL**

**DATOS DO/A NENO/A**

APELIDOS	NOME	DATA DE NACEMENTO
----------	------	-------------------

**DATOS DO SOLICITANTE: PAI, NAI OU TITOR LEGAL**

NIF / NIE	APELIDOS	NOME	
ENDEREZO			
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	
CONCELLO DO LUGAR DE TRABALLO	Nº SEGURIDADE SOCIAL	TELÉFONO DE CONTACTO 1	TELÉFONO DE CONTACTO 2

**DATOS DA UNIDADE FAMILIAR**

<i>APELIDOS E NOME (INCLuíDO O SOLICITANTE)</i>	<i>NIF</i>	<i>DATA DE NACEMENTO</i>	<i>PARENTESCO</i>	<i>SITUACIÓN LABORAL</i>	<i>INGRESOS ANUAIS</i>
<b>Nº DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR</b>	<input type="text"/>	<b>SUMA DE INGRESOS ANUAIS</b>			<b>€</b>

SERVIZOS SOLICITADOS

ASISTENCIA CON COMEDOR

ASISTENCIA SEN COMEDOR

Centro no que solicitou praza para o curso 2005-2006: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_  
(Sinatura do/a solicitante)

*Orde do 30 de decembro de 2004 pola que se convocan axudas para o mantemento de centros de atención á primeira infancia dependentes das corporacións locais.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, inclúe, no seu artigo 5.3º, como unha das áreas de actuación, os servizos sociais da familia, infancia e mocidade, séndolle atribuídas competencias neste sector á Consellería de Familia Xuventude, Deporte e Voluntariado a través do Decreto 195/2003, do 20 de marzo.

Así mesmo a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia establece no seu artigo 15 b) que a Xunta de Galicia promoverá os recursos destinados á atención á infancia, procurando que dispoñan dos medios necesarios para o seu desenvolvemento integral.

Por outra banda, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais é o órgano da Administración do Estado ao que lle corresponde a promoción e o fomento dos programas sociais no marco das obrigas estatais e da cooperación coas comunidades autónomas, cofinanciando estas axudas en materia de primeira infancia (0-3) xunto coa Comunidade Autónoma de Galicia.

A orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998 (DOG do 19 de febreiro), modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 (DOG do 29 de novembro) e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (DOG do 29 de outubro), posibilita a tramitación anticipada dos expedientes de gasto imputables ao capítulo IV, no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos que se vaian imputar os correspondentes gastos, sempre que exista crédito axeitado e suficiente no proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, que corresponda ao exercicio orzamentario no que se vaia materializar a contraprestación. Non obstante, todos os actos de trámite realizados ao abeiro desta orde entenderanse condicionados a que, unha vez aprobado o orzamento subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no intre en que se produciron aqueles.

Esta orde adaptarase o disposto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, así como o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta, en todo caso, os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia, e os demais requisitos esixidos no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 14 de outubro de 2004.

As axudas que se establecen no articulado desta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.212A.4610, recollida no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, e o importe destinado a elas ascenderá a 3.300.000 euros.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios ao fin para o que foron establecidos

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º.-Obxecto.

1. Esta orde ten por obxecto a convocatoria de axudas económicas para subvencionar o mantemento de centros dedicados á atención á primeira infancia (garderías e escolas infantís) dependentes das corporacións locais que cumpran os requisitos establecidos no Decreto 243/1995, do 28 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación de centros de servizos sociais, e na Orde do 29 de febreiro de 1996, da extinta Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, modificada pola Orde do 6 de novembro de 2000, pola que se regulan os requisitos específicos que deben reunir os centros de menores e os centros de atención á infancia, e que presten atención educativa e asistencial a nenos de 0 a 3 anos. Non obstante, poderá eximirse do límite de idade os nenos de integración logo de informe dos equipos de valoración e orientación da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais ou do órgano correspondente na Administración do Estado ou nas respectivas comunidades autónomas, no que se motive a necesidade de integración, se é o caso.

Para efectos desta orde, enténdese por nenos/as de 0 a 3 anos os nados/as con posterioridade ao 31 de decembro de 2001.

2. Co fin de adaptar o seu calendario de apertura ás necesidades de conciliación da vida laboral e familiar dos pais ou representantes legais dos usuarios, os centros de atención á primeira infancia prestarán servizos cinco (5) días á semana durante todo o ano, agás os días sinalados como festivos no calendario laboral, e aqueles nos que concurra causa xustificada, logo de autorización da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado. Salvo causa de forza maior, as solicitudes para o peche temporal dos centros durante o ano 2005 presentaranse antes do 31 de marzo.

3. As corporacións locais deberán realizar a selección de solicitudes de acordo co baremo e puntuación establecido no anexo VI.

4. Quedan excluídos desta orde todos aqueles programas de atención á primeira infancia que polas súas propias características non se apoiem para a súa execución en centros municipais.